

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A MELLORA DA SEGURIDADE NO TREITO URBANO DA N-640 AO SEU PASO POR CUNTIS

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A N-640 é a principal vía que atravesa o concello de Cuntis. No noso municipio discorre por chan das parroquias de Portela, Couselo, San Mamede de Piñeiro, Arcos de Furcos e Troáns. Son desgraciadamente recoñecidos varios puntos conflictivos ao longo deste percorrido, como por exemplo a zona do Castro Loureiro, a intersección coa PO-226 (cruzamento cara a Moraña) ou varios puntos da parroquia de Troáns.

Nos últimos tempos acentuáronse as queixas veciñais pola perigosidade que presenta o trazado nalgúns dos puntos sinalados anteriormente, pero ademais tamén se incrementou notablemente a preocupación no treito urbano. É evidente o risco que presentan principalmente o entorno dos pasos de peóns ou o cruzamento dos semáforos. É habitual que a velocidade á que circulan os vehículos non se adecúe sempre aos límites establecidos pola sinalización, e non existen elementos físicos que contribúan a reducir a velocidade tal e como acontece noutros casos.

- Na saída norte, na intersección coa rúa Castelao, o paso de peóns alí situado representa un notable perigo pola escasa visibilidade (especialmente de noite) e a velocidade á que moitos vehículos chegan a ese punto. É tamén una zona de paso habitual de escolares a determinadas horas e ademais é un punto que presenta unha alta afluencia debido aos establecementos comerciais da súa contorna (1)
- A poucos metros existen outros dous pasos de peóns que presentan semellantes características (2).
- Na saída sur, á altura das Piscinas Municipais, o paso de peóns alí situado presenta características e condicións semellantes, onde é habitual a presenza de coches estacionados que dificultan a visibilidade tanto do/da viandante como do/da condutor/a e ao que, ademais, tamén é habitual que os vehículos cheguen a altas velocidades. O risco incrementase en época estival, cando medra a presenza de nenos/as que acuden ás instalacións da piscina (3).



veciñanza

moción



(1)



(2)



(3)

Por todo o exposto, e ante a necesidade de adoptar medidas antes de que haxa que lamentar consecuencias graves, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis a que valore os riscos descritos, tome en consideración a perigosidade dos treitos sinalados e esixa ante a Administración pertinente (Ministerio de Fomento, Goberno do Estado) unha solución para que contemple a instalación dos medios pertinentes segundo os criterios técnicos máis adecuados; ben sexan semáforos, lombos ou calquera outra medida disuasoria que contribúa a reducir a velocidade dos vehículos, a dotar de maior visibilidade eses puntos e a reducir a perigosidade especialmente dos pasos de peóns.

Cuntis, 17 de xaneiro de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López